

Agradecemento da familia de Manuel Rodríguez López

A familia de Manuel Rodríguez López agradecemos a todos os que mantedes vivo a Manolo un cuarto de século despois do seu pasamento. Queremos que quede constancia do porqué da súa nova vida vencendo á negra sombra. Para comprender quen é o Manuel Rodríguez López que hoxe sentimos connosco, e necesario coñecer os eventos acontecidos nestes últimos 25 anos. A miragre da súa nova vida é posible grazas a innumerables actos na súa memoria, promovidos por vós, os seus amigos e amigas. A continuación citamos moitas destas homenaxes.

Horas despois de falecer o 13 de febreiro de 1990, Manolo recibiu os dous primeiros recoñecementos dunha longa lista de actos en torno á súa memoria. Unha destas dúas homenaxes a título póstumo foi o seu nomeamento como Fillo Predilecto do Concello de Paradela, xunto coa decisión engadida do Concello de dar o seu nome á casa de Cultura de Paradela. Nos dous casos foi fundamental o liderazgo do alcalde de Paradela José Manuel Mato Díaz, un dos meirandes responsables do recoñecemento público a Manolo nas últimas décadas. A outra foi o seu nomeamento como Lucense do Ano 1989 polos xornalistas lucenses. A sorpresa da súa morte repentina poucos meses despois de sufrir unha operación quirúrxica, impactou en grande medida a numerosos amigos que deixaron constancia do seu emotivo recordo cara Manuel Rodríguez López en numerosos medios de comunicación.

Amigos emigrantes de Barcelona, concretamente da agrupación O Penedo Fogar Galego, entidade presidida por Iolanda Díaz Gallego, tributáronlle en 1991 unha sentida homenaxe en Adai (Páramo) onde Manolo foi inicialmente soterrado. Iolanda trasladouse a Galicia dende Barcelona xunto con outros membros desa agrupación para acompañar á nosa familia e a amigos do poeta de Paradela.

Dous libros póstumos de Manolo viron a luz en 1995. O libro de poesía *Onte e Hoxe Vivencial*, prologado por Darío Xohán Cabana, foi publicado grazas a Isaac Díaz Pardo, por mediación de Claudio Rodríguez Fer. A publicación da tradución ó galego de *A Atlántida de Verdaguer* por Manolo foi publicada tamén en 1995, nesta ocasión pola Xunta de Galicia por mediación de Xulio Xiz.

En 1995 celébrase o I Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López de Paradela organizado polo seu Concello natal, grazas, especialmente ó seu alcalde José Manuel Mato Díaz. Este certame de poesía e narrativa vense celebrando ininterrompidamente cada ano dende 1995. O certame, de gran difusión galega, nacional e internacional, alcanzou no 2015 a súa XX edición, presentándose milleiros de traballos nestes anos. Contribuíron de xeito especial coas súas actuacións nas cerimonia de entrega dos premios celebradas anualmente desde 1996, Mini e Mero, Xosé Manuel Carballo, o Brindeiro de Louzarella, o grupo de teatro Os Xubilosos dirixido por Xosé Manuel Carballo, a agrupación María Castaña, Francisco Piñeiro e María Paz Rodríguez, alumnos do colexio de Paradela e o neto de Manolo, Carlos Rodríguez Otero, entre outros. Coas súas intervencións, ademais dos premiados e dos secretarios do Concello, tamén participaron nas cerimonia José Manuel Mato, Xulio Xiz, Xesús Mato, Xavier Rodríguez Barrio, Mónica Fernández Armesto, Ángel Fernández López, Xoán Xosé Molina, Xosé Lois García, Darío Xohán Cabana, Xosé Carlos Rodríguez Andina, Xesús Ramos Ledo, Luis Ferreiro, Iolanda Gómez González, Antonio Giz, e Valentín García, entre outros.

Tamén no ano 1995, trasládanse os restos mortais de Manolo ó Panteón de Paradelenses Ilustres deste Concello, tras atoparse un testamento hológrafo no que deixou constancia que unha das súas últimas vontades era ser soterrado en San Miguel de Paradela *"co rostro cara O Páramo, terra de nacemento da miña esposa e cara Catalunya, lugar onde residín durante longos anos"*.

O Centro Galego de Barcelona celebrou en 1998 un acto de recordo ó noso poeta, organizado por esta entidade galega por mediación de Alfredo González Vilela.

No ano 2000 ten lugar a publicación do libro Vida e Obra de Manuel Rodríguez López, escrito por Manuel Blanco Castro e subvencionado polo Concello de Paradela. Esta biografía sobre Manolo presentouse en Paradela e na agrupación galega Saudade de Barcelona, ámbolos dous actos celebrados no ano 2001.

En 2001, o Presidente da Xunta de Galicia inaugura en Paradela o novo Centro Sociocultural Manuel Oreste Rodríguez López.

En Busnullán, no ano 2008, fáiselle unha sentida homenaxe ó Fillo Predilecto de Paradela, organizada por Xesús Mato. É o primeiro acto no que Carlos Rodríguez Otero interpreta unhas pezas ó violín en Galicia, sendo dende entón asiduo intérprete nos actos de homenaxe cara ó seu avó paterno.

A publicación da Poesía Completa de Manuel Rodríguez López, editada e prologada por Darío Xohán Cabana, é un fito importante para unificar toda a obra poética de Manolo nun volume, e ten lugar no ano 2010, coa subvención do Concello de Paradela (José Manuel Mato), a Deputación de Lugo (Antón Bao) e a Xunta de Galicia.

A partir de 2012 é cando Xulio Xiz e Antonio Giz, de GaliciaDigital, idean, deseñan e impulsan incansablemente o Proxecto Manuel Rodríguez López, un ambicioso proxecto multidimensional para honrar a figura de Manolo, que conta co apoio, ademais de GaliciaDigital, do Concello de Paradela (José Manuel Mato), a Xunta de Galicia (Valentín García, Anxo Lorenzo e Xesús Vázquez), A Deputación de Lugo (Mario Outeiro), o Concello de Lugo (Carmen Basadre) e a Real Academia Galega (Xesús Alonso Montero), destacando de xeito especial o liderazgo de Xulio Xiz e Antonio Giz e o decidido apoio do Alcalde de Paradela José Manuel Mato e de Valentín García, Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

En 2013 Antonio Giz crea a páxina web do noso “*emigrante galego e poeta obreiro. Fillo predilecto de Paradela, home bo e xeneroso*”, dentro do Proxecto Manuel Rodríguez López, sendo unha das máis completas webs dun autor galego, con máis de 5 xigas de información que inclúen a súa obra completa, artigos de prensa, fotografías, audios, videos, etc.

Tamén dentro do Proxecto Manuel Rodríguez López, Xulio Xiz e Antonio Giz crean a Exposición Itinerante Manuel Rodríguez López que xa se presentou en diversas localidades (agosto 2013 en Paradela, outubro 2013 en Lugo, decembro 2013 en Begonte, marzo 2014 en Sarria, marzo 2014 en Portomarín, abril 2014 en Santiago de Compostela, agosto 2014 en Vilalba, setembro 2014 en A Coruña, outubro 2014 en Barcelona, xaneiro 2015 en Ourense, febreiro 2015 no colexio de Paradela, marzo 2015 en Madrid).

Entre outras publicacións, en 2014 GaliciaDigital publica a obra completa de Manolo en internet e a Antoloxía poética Manuel Rodríguez López, ideada e prologada polo Presidente

da Real Academia Galega Xesús Alonso Montero, amigo, mestre e estandarte na honra de Manolo tanto en vida como nesta nova vida que o poeta de Paradela está a vivir.

En novembro de 2014, o Centro Galego de Barcelona, presidido por Manoel Carrete, nomea a Manolo Socio de Honra desta entidade barcelonesa xunguindo aínda máis a Manolo, emigrante galego en Barcelona, con Catalunya e cos galegos residentes nesa terra que o acolleu durante 45 anos.

E agora, con motivo do 25 cabodano do seu pasamento, GaliciaDigital publica na páxina web de Manuel Rodríguez López estas opinións sobre o poeta de Paradela, que o honran e nos honran, para referencia de presentes e futuras xeneracións.

Parafraseando ó amigo Darío Xohán Cabana no seu limiar da Poesía Completa de Manuel Rodríguez López, non sabemos o que nos deparará o futuro. Pero o feito ata agora no pasado e o vizoso presente prometen un futuro alentador. Dúas grandes iniciativas seguen en plenitude, o Proxecto Manuel Rodríguez López e o Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López de Paradela. Son motores fundamentais que, ademais de conquistar os obxectivos que se plantexan, estimulan novos actos de homenaxe ó noso poeta.

Pero independentemente do que nos traia o futuro, a nosa familia xa temos 25 anos máis de recordos de Manolo. Sen nombrarvos un a un, grazas a todos os que dalgún xeito fixéstedes isto posible, por facilitar que Manolo siga vivo entre nós, por evitar a inxusticia da súa desaparición ós 55 anos, por permitir a súa pervivencia no tempo, neste noso tempo de hoxe, no noso tempo de onte e no tempo dos que veñan e atopen a súa mensaxe, a súa vida e a súa obra en recordos feitos narracións e poesías como os que podedes ver neste Especial Manuel Rodríguez López no vintecinco aniversario do seu pasamento.